

# LITERATURA MEDIEVAL

Volume IV

ACTAS DO IV CONGRESSO  
DA  
ASSOCIAÇÃO HISPÂNICA DE LITERATURA MEDIEVAL  
(Lisboa, 1-5 Outubro 1991)

Organização de  
AIRES A. NASCIMENTO  
e  
CRISTINA ALMEIDA RIBEIRO

EDIÇÕES COSMOS

Lisboa  
1993

© 1993, **EDIÇÕES COSMOS e ASSOCIAÇÃO HISPÂNICA  
DE LITERATURA MEDIEVAL**

Reservados todos os direitos  
de acordo com a legislação em vigor

Capa

Concepção: Henrique Cayatte  
Impressão: Litografia Amorim

Composição e Impressão: **EDIÇÕES COSMOS**

1ª edição: Maio de 1993  
Depósito Legal: 63841/93  
ISBN: 972-8081-07-3

Difusão

**LIVRARIA ARCO-ÍRIS**

Av. Júlio Dinis, 6-A Lojas 23 e 30 — P 1000 Lisboa  
Telefones: 795 51 40 (6 linhas)  
Fax: 796 97 13 • Telex: 62393 VERSUS-P

Distribuição

**EDIÇÕES COSMÓS**

Rua da Emenda, 111-1º — 1200 Lisboa  
Telefones: 342 20 50 • 346 82 01  
Fax: 347 82 55

## Sobre a Traducción de Textos Literarios Franceses na Edade Media: o Capítulo 6 de *Erec*

Teresa García-Sabell Tormo

Universidade de Santiago de Compostela

Cando Godefroi de Monmont e Chrétien de Troyes compuxeron as primeiras obras da lenda artúrica inauguraron unha literatura que foi lida, copiada e admirada durante máis de tres séculos (Pickford, *L'évolution du roman arthurien en prose...*, p. 9). Esta lenda, andando o tempo, foi modificada en sucesivas versións, tanto dende o punto de vista literario como lingüístico, para adaptala ó gusto de novos lectores e de novos tempos.

Neste senso, compre salientar, que a *Demanda* gal.-port. deixa xa un pouco de lado os ideais relixiosos da súa base orixinal para insistir nas numerosas aventuras dos cabaleiros. De todos eles só Erec responde ós preceptos da relixión por ser *o que non minte* (*qui non mentitur Deus*, da epístola de San Pablo) e sen embargo Erec non ten recompensa. Ben ao contrario, a súa virtude lévao a matar á súa propia irmá e, en consecuencia, a morrer el mesmo a mans de Galván. (Pickford, *Erec*, pp. 20-21).

O sentido auténtico da *Queste del Saint Graal* está moi lonxe desta adaptación posterior, porque a aventura deixa de ser espiritual para volverse netamente cabalesca (Pickford, *L'évolution du roman arthurien en prose...*, p. 109).

A *Queste del Saint Graal* — verdadeira recopilación das novelas en prosa do ciclo artúrico — forma parte dun extensísimo manuscrito conservado na Biblioteca Nacional de París co n. 112, presumiblemente escrito no terceiro cuarto do século XV, aínda que o texto orixinal é forzosamente anterior a 1313, data aproximada das traducións galego-portuguesa e castelán. (Pickford, *Erec*, p. 31).

Deste texto francés se derivan as *Demandas*, tanto a gal.-port. como a cast. que, como é ben sabido, presentan unha mestura da *Queste del Saint Graal* do *Tristán* en prosa, con novos elementos como a biografía de *Erec* ou as aventuras de *Palamedes* (Pickford, *L'évolution du roman arthurien en prose...*, p. 105). Así pois, o orixinal francés da nosa *Demanda* non é un texto concreto senon unha recopilación de distintos fragmentos que narran as aventuras dos heroes da materia de Bretaña, misturados con episodios de tema relixioso que teñen unha certa identidade e independencia dentro do contexto xeral. (*ibid.*, p. 107).

Este procedemento de misturar diferentes fontes é frecuente na Edade Media e podemos constatar que os copistas-tradutores combinaban, ás veces, distintos textos (véxase, *A Crónica Troiana*, Lorenzo, pp. 26-27).

O personaxe de Erec ten moi pouca entidade na literatura francesa en prosa e desempeña un papel moi secundario na *Queste del Saint Graal*, onde non é máis que un cabaleiro errante que participa na aventura.

A súa biografía consérvase no ms. 212 da Biblioteca Nacional de París e consta de dez capítulos. Os cinco derradeiros son os que aparecen traducidos de xeito máis ou menos literal na *Demanda* gal.-port. Dende que Erec e Meraugis atopan a donzela que lle reclama a aquel que cumpra a súa promesa, deica a morte de Erec e o traslado do seu corpo a Camelot onde o rei Artur faino soterrar con gran tristura.

Neste traballo estudiarei deica qué punto a nosa tradución se corresponde co orixinal francés, é dicir, en qué casos é fiel ao texto ou, pola contra, cando se aparta del ofrecéndonos variantes, adaptacións ou outros recursos expresivos propios do galego que non aparecen no

orixinal. Alomenos tal como este chegou a nós xa que, nalgúns casos, as diferencias que se poden apreciar entre o texto orixinal e a traducción son de tal grado que permiten postular unha redacción do texto francés distinta ou non coincidente coa formulación de que dispoñemos.

Centrarei a análise do texto gal.-port. naqueles casos nos que difire do orixinal ofrecendo diversas variantes: supresións, interpolacións, traducción mais ou menos libre ou simple adaptación, discordancias entre ambos textos, etc.

Escollín o capítulo 6 da historia de Erec porque dos cinco que aparecen traducidos é o de meirande entidade e, por conseguinte, o que me permite facer unha análise mais coherente e representativa.

Para o texto francés utilizo a edición de Pickford (*Erec*, Paris, 1968) e para a traducción, a de Piel (*A Demanda do Santo Graal*, Lisboa, 1988).

**1. Supresións.** Este é o fenómeno mais abundante que presenta a nosa traducción onde poidemos atopar numerosísimos exemplos. Agora ben, podemos distinguir distintos graos dentro desta categoría xa que a traducción pode suprimir simplemente un detalle sin apenas repercusión significativa. Pode tamén resumir un párrafo longo mantendo a súa significación. E pode, aínda, eliminar completamente unha frase ou un párrafo sin deixar o menor rastro.

### *1.1. Supresión de referencias á historia orixinal do texto.*

Un caso particular de supresión é aquel no que o texto orixinal alude á concepción propia da obra, suprimindo a traducción, nalgúns casos, a referencia á historia que se toma como base de todo o relato. Este é un caso significativo de supresión xa que estas alusións forman parte dos tópicos literarios do texto francés:

6.382-3 car *li contes devise* que maintenant qu'ilz eurent leans mangé, et les tables furent levees.

209.12 Ca tanto que as mesas foram irguídas.

6.530 et ce fut sans faille miracle apert, *ains com la vraye histoire l'afferme.*

211.34 e esto foi sem falha milagre.

### *1.2. Supresión dalgunha frase.*

Polo xeral estas frases implican unha precisión puntual ou aclaratoria:

6.112 Ce estoit une petite tour *qui estoit fermee au milieu du chastel.*

204.2 era ña torre pequena que estava no meo do castelo.

6.83-4 et la damoiselle dist a Eret *maintenant qu'ilz vindrent devant la porte.*

203.17 A donzella disse a Erec.

6.167-9 ung maistres *qui les enfans gardoit*, qui assez estoit preudoms et loyaux. *Cil ne pot souffrir la mort des enfans*, ains les prent...

205.8-9 seu amo que era homem bõo e leal que os filhou...

6.436-7 Il convient que vous mourrés par mes mains, *que riens fors Dieu ne vous en porroit garantir.*

210.9-10 Ca nom posso estar que vos nom mate.

6.476-7 Sire, fait Eret, et que dictes vous de ce qu'il me convient convenant tenir? *Il n'y a autre, ou vous m'occirés ou je tendray ce que j'ay promis.*

211.3 E pois disse Erec: Que farei do que prometi?

6.530-3 *Endementres que la damoiselle s'en aloit si grant erre com je vous compte, et cil du chastel la regardoient encor, qui molt estoient dolant*, atant es vos devers le ciel venir ung grant estourbillon tout pleins de feu.

211.34-5 Ca veoo do ceo ña gram nuvem chea de fogo.

- 6.551-2 ilz trouvent la male damoiselle erse, et lui et son cheval, *si merveilleusement que nulz qui devant l'eust veue ne la peust adont reconnoistre.*  
 212.6 e acharom a maa donzella e seu palafrem quemados.  
 6.561-3 *Ceste nouvelle fut tost racontee au chastel; et quant les pseudommez l'oïrent, ilz vindrent assés tost qu'il n'y remest ne povre ne riche, si vous dy que assés tost y ot plouré et mené duel.*  
 212.10-1 Entom fezerom gram doo e gram chanto.  
 6.652-3 et s'en tourne le grant chemin, *non pas grant erre pour ce que Meraugis ne s'esveillast.*  
 213.27 e tornou-se pelo gram caminho.  
 6.730-1 que je m'en esveillay, *ne je n'eu onques si grant paour com il me fist.*  
 215.7-8 que me espertei.  
 6.758-9 *Je suis cil qui desormais me reprendray a querre et enchercher les aventures du Saint Vaissel, car se je meurs en telle besoigne...*  
 215.21-2 Ca se eu moiro tam bem manifestado...

As veces a frase que se suprime non é mais que unha pequena precisión perfectamente deducible polo contexto:

- 6.393 si belle damoiselle et si vaillant *com elle est.*  
 209.17 tam fermosa e tam pagadoira.  
 6.482 il met la main a l'espee, *et la trait hors du fuerre.*  
 211.6 sacou a espada.  
 6.651 puis prent ses armes *dont il estoit desgarnis.*  
 213.26 e filhou sas armas.  
 6.670 Et le cheval *sur quoi il seoit* estoit ja si travaillez.  
 214.5-6 E seu cavalo era tam lasso.

### 1.3. Supresión de incisas:

- 6.59 Et m'en mentiriés vous, *fait elle*, pour chose qui avenist?  
 203.3 E mentir-m'-edes por cousa que venha?  
 6.376-7 Or actendray je dont, *fait elle*, tant que je voye qu'il soit lieu et temps du demander.  
 209.8 atenderei ataa que veja tempo e sazom de o pidir.

### 1.4. Supresión de vocativos:

- 6.49 Non fera, *sire*, se Dieu plaist, fait Eret.  
 202.28 Nom fara, disse Erec, se Deus quiser.  
 6.69 si m'ait Dieu, *damoiselle*, fait il.  
 203.18-9 Assi Deos me ajude, disse elle.  
 6.85 *Eret*, reconnoissés vous de rien ce chastel?  
 203.18 Conocedes vos este castello?  
 6.445 *Frere mercy!* Recorde que tu dois faire!  
 210.16 e acorda-te no direito que as de fazer.

### 1.5. Supresión dun complemento que implica unha pequena precisión.

No primeiro caso trátase da promesa á que xa se referiu o texto con anterioridade; no segundo trátase dunha matización, é decir, para destacar que se trata do maior dos tres irmáns; e no terceiro especificase que a misa ten lugar na capela do pazo:

- 6.66-7 car se il *de cest convenant* me mentoit.



- 203.7 ca se me mentir.  
 6.263 et fiert l'aisné *des trois freres*.  
 207.6 e feriu o maior.  
 6.360 et alerent *a la chapelle du palais* oir la messe.  
 208.31-209.1 e foram ouvir missa.

1.6. *Tamén é moi frecuente a supresión dun adverbio.*

Polo xeral adverbios formulars da épica medieval francesa como: *bien, certes, comment*, etc.; neste caso a supresión dos adverbios podemos relacionala coa supresión das interpelacións ao público que veremos no apartado seguinte. Pero tamén desaparecen adverbios normais como *tost, arriere*, etc.:

- 6.47 car *certes*, le cuer me dit.  
 202.26 ca o coraçom me diz.  
 6.87 Je le cognois *bien*.  
 203.18 Conosco.  
 6.86 si respont *erranment*.  
 203.18 E disse.  
 6.153 porte ly *tost*.  
 204.29 leva-lho.  
 6.301 A ceste chose s'accordent tuit *communement*.  
 207.30 En esto se acordarom todos.  
 6.479 et revient *arriere* ou palais.  
 211.4 e pois tornou-se ao paço.  
 6.499 et *maintenant* chiet le corps a terre.  
 211.16 e o corpo caiu em terra.  
 6.682 s'esveilla *droictement*.  
 214.12 espertou.

1.7. *Outro caso de supresión é o da interpelación ao público, procedemento literario característico da épica francesa*

- 6.323 E quant elle vit son frere..., *sachés que* elle ot assés greignor joye.  
 208.12 e tanto que ella viu seu irmão... ouve tam gram ledice.

**2. Reducción do texto.** Nalgúns casos, mais que da supresión dalgún elemento, trátase dun resumo ou simplificación do mesmo, sen perder o sentido do texto orixinal:

- 6.8-10 *Quant elle vint pres des chevaliers, elle s'arreste maintenant, et les salue, et il ly rendent son salu.*  
 202.6 *E quando chegou a elles, saluou-os e elles ella.*  
 6.97-8 *ja puis ne vos appelleray de(l) convenant qui entre nous soit.*  
 202.24 *e entom seredes quite.*  
 6.180-1 *et le pseudom ly en dist verité tout ainsi com il avoit esté.*  
 205.17 *E o amo lho contou todo.*  
 6.225.6 *et il l'amoit de si grant amour qu'il n'amoit riens du monde autant.*  
 208.113-4 *ca o amava mais ca outra ren do mundo.*  
 6.396-7 *ayés en mercy pour la beauté dont elle est garnie.*  
 209.19 *avede mercee por que é tam fremosa.*  
 6.404 *trop durement lermoyant des yeulx.*  
 209.24 *chorando.*

3. A **interpolación** de elementos novos tamén é frecuente, aínda que en menor grado que a *supresión*.

3.1. A máis importante é a que se refire á introducción de títulos que non fan máis que repetir e anunciar o que a continuación se vai narrar. Así este capítulo 6 que estudiamos, leva no orixinal francés un único título.

*Comment Erec et Meraugis se partirent de l'ermitage, et rencontrèrent une demoiselle qui requist a Erec qu'il luy tenist sa promesse.*

Mentras que na traducción atopamos 26 títulos, é decir, 25 máis que no texto orixinal.

Esta inclusión dun breve avance da acción posterior ou *percusio* pode explicarse por un cambio de público, que non está tan familiarizado coa narración como o público francés, e, por iso mesmo, elimínanse tamén algunhas referencias á historia de base, como vimos anteriormente no apartado 3.

Neste mesmo sentido compre sinalar que as pequenas interpolacións reiterativas ou explicativas que implican unha precisión puntual — que veremos máis adiante neste mesmo apartado — tamén poden explicarse por ese cambio de público ó que aludimos.

280 *Como Erec e Meraugis se forom da ermida e Galvam ficou.*

281 *Como acharom ña donzella que pediu ñu dño a Erec.*

282 *Como Erec disse que queria ante seer morto que de mentir.*

283 *Como chegarom ao Castello de rei Lac e como a donzella disse a Erec que avia de matar ña donzella.*

284 *Como Erec et Meraugis e a donzella entrarom no castello.*

285 *Como Tanam, padre de rei Lac, foi rei de Sololiqui e como guisarom sa morte.*

286 *Como rei Tanam beveo a peçonha e como ñu amo salvou os filhos que os ricos homẽes queriam matar.*

287 *Como rei Artur mandou crear os filhos de rei Lac.*

288 *Como os filhos de rei Dirac matarom rei Lac seu tio.*

289 *Como Erec e Meraugis entrarom no castello e matarom os filhos de Dirac (e derom-ño a irmã de Erec de presom e os outros que i jaziam).*

290 *Como os do castello leixarom a batalla quando souberom que era Erec.*

291 *Como os do castello ouverom mui gram prazer com veer Erec.*

292 *Como Erec viu no sonho ña loba que trazia ñu cordeiro na boca.*

293 *Como a donzella pediu a Erec a cabeza da sua irmã.*

294 *Como Erec rogou a donzella que lhi non aprougesse de matar a ssa irmã.*

295 *Como a irmã de Erec rogava seu irmão que nom a matasse e todo-los do castelo o ragavam.*

296 *Como Erec talhou a cabeza de sa irmã e como a deu a donzella.*

297 *Como a donzella que levou a cabeza foi queimada de corisco.*

298 *Como acharom a cabeza da irmã de Erec sã.*

299 *O doo e a coita que Erec avia por que matara sa irmã.*

300 *Como Erec se partiu de Meraugis por o doo que ia fazendo.*

301 *Como Erec chegou a casa da enpardeada u avia cinco días que nom comera.*

302 *Como Erec fazia doo por sa irmã que matara e como o confortou a enpardeada.*

303 *Como a enpardeada disse a Erec como se chegava a sa morte.*

304 *Como Erec se partiu da enpardeada e como lhe deu que comesse.*

305 *Mais ora leixa o conto de falar delle e torna a Meraugis (por contar como el e Estor ouverom companha e como acharom de pois Erec en terra no Chão Doroso onde nenhuu cavaleiro bõo nom se podía partir sen pesar).*

O título deste capítulo é a traducción literal das derradeiras frases do texto do capítulo 6 francés.

En xeral podemos constatar que as ampliacións do texto francés na tradución galego-portuguesa non son tan abundantes como as supresións aínda que tamén podemos atopar numerosos exemplos.

### 3.2. Interpolación dunha frase:

- 6.127 en ung prael de la tour.  
 204.12-3 por ũu prado *que avia de arredor* da torre.  
 6.147 ...avoient a cellui point appareillié venin.  
 204.25 guisarom a aquela ora peçonha *que lhe dessem a beber*.  
 6. 255-6 quant ilz se voient desarmés devant Eret qu'ilz scevent a leur mortel ennemy.  
 207.1 quando viram que desarmados estavam ante Erec *que estava armado* que tinham por mortal emmigo.  
 6.414 Mercy, franche damoiselle!  
 209.31 Mercee, mercee, donzella avizi bōa! *Nom leixês morrer tam fremosa creatura como esta donzella é*.  
 6.464 car aussi ne seray je jamais loyal chevalier, puis que ceste felonnie avray faicte.  
 210.27 ca outrosi see(i)rei ja mais leal cavaleiro; depois que esta crueza fezer *nom valerei ũa palha*.

### 3.3. Interpolación dunha precisión puntual:

- 6.125 Ainsi viennent jusques a la forteresse.  
 204.11 Assi *falando* chegarom ao alcaçar.  
 6.199-200 Le roy Dirac fut assés corroussés.  
 206.2 Rei Dirac *seu irmão* ouve gram pesar.  
 6.237 Ha! Dieu fait il.  
 206.24 Ai Deos, disse (a) Erec.  
 6.413 Et dient tuit a pleurs et a lermes.  
 209.30 E (diziam) *a donzella* com lagrimas e com choros.  
 6.415 Et celle en qui pitié ne fut onques entree.  
 209.32 Mais aquela *en cujo coração* nunca entrou pi(e)dade.  
 6.444 que je suis ta seur de pere.  
 210.15 que som tua irmãa de padre *e de madre*.  
 6.507 Après redit a Eret.  
 211.20 Er disse a Erec *ante todos*.  
 6.652 et s'en tourne tout le grant chemin.  
 213.27 e tornou-se pelo gram caminho *por u veera*.

E frecuente que o texto francés se refira a un rei sin facer mención explícita delo, precisión que se engade na tradución, e que pode deberse tamén a unha menor familiaridade do público galego cos personaxes aludidos.

- 6.133 Il fut vray que Lac...  
 204.15 Verdade foi que *rei* Lac...  
 6.250 Et les trois freres qui estoient filz Dirac.  
 206.32 E os III irmãos, que eram filhos de *rei* Dirac.

### 4. Traducción libre ou parafrástica:

- 6.45-7 *souffrés que je aille aveques vous tant que je voye qu'il vous avendra de la compagnie de ceste damoiselle*.  
 202.25-6 *que me leixedes com vosco ataa que veja que vos avedes mester de companhia*.



- 6.152-3 Le roy meurt de soy, *et voy cy ung boire trop merveilleux.*  
 204.28-9 El-rei morre de sede, *mais filha este beber.*
- 6.161 Se ces deux enfants vivent *et ilz puent venir a terre.*  
 205.5 Se estes meninos vivem *e forem reis.*
- 6.186 ilz furent amduy roy et eurent deux seurs a femmes, *du lignage le roy Pelles.*  
 205.20 foram ambos reis e ouverom por molheres *duas irmãs de rei Peles.*
- 6.331-6 *Celle nuit fut couchiés Eret en une des chambres de leans si richement com cilz le povoient mieulx faire, et delés luy assez pres jut Meraugis. Quant Eret se fut endormis il ne demoura pas granment après ce que une advision lui avint assés merveilleuse et diverse, et devise li contes quelle.*
- 208.16-9 *e fezerom un leito a Erec, o mais rico que poderom, e a Meraugis outro perto delle. E pois Erec se deitou e dormeceo, sonhou ũu sonho mui espantoso, e direi-vos qual é.*
- 6.353 *et se commanda moult a Nostre Seigneur.*  
 208.28 *e fez sua oraçom.*
- 6.420 *il n'a priere que j'en oïsse.*  
 209.34 *nom farei ren por vosso rogo.*
- 6.607 *et chevaucha cellui soir tant com ly jour dura.*  
 213.2 *e andou todo aquel dia.*

As veces a traducción libre se combina coa reduccion ou resume do texto:

6. 147 ...avoient a cellui point appareillié *venin, et pensoient que par ce le menroient a mort.*  
 204.26 *guisarom a aquela ora peçonha que lhe dessem a beber.*
- 6.152-3 *Si fist maintenant le signe de la Croix en my son vis.*  
 208.28 *E sinou-se muitas veces.*
- 6.197.8 *en ce chastel mesmes dont ly contes vous a ores parlé.*  
 205.28 *a aquella castello que vos disse.*
- 6.311.4 *Quant ilz orent ce fait, lors commença par leans la feste et la joye si grant, et si greigneur assés que se le corps le roy Artus fust entr'eulx venu.*  
 208.6.7 *Depois que esto teverom feito, a ledice foi tam grande antre elles que era maravilha.*

### 5. Imprecisiões no léxico:

O verbo *chevaucher*, moi empregado no orixinal, así como na literatura épica medieval francesa, aparece aquí traducido por *andar* na maior parte dos casos:

- 6.5 *et chevaucherent.*  
 202.4 *E os outros andarom.*
- 6.110 *Tant chevauchent.*  
 204.1 *Tanto andarom.*

Pero tamén:

- 6.8 *qui chevauchoit toute seule.*  
 202.5 *que ia soo.*
- 6.638 *Ainsi est la nuit venue ou il ne fait mie tres bon chevaucher.*  
 213.20 *e de noite nom faz bõo cavalgar.*

A palabra *peçonha* traduce o francés *venin*:

- 6.147 ... avoient a cellui point appareillié *venin.*

204.25... guisarom a aquela ora *peçonha*.

Pero tamén:

6.155 de la *trahison* ne se prenoit garde.

205.1 se nom catava de *peçonha*.

A palabra *paaço* traduce o francés *palaix*:

6.247 le *palaix* commença a emplire de chevaliers.

206.30 o *paaço* se encheo todo de cavaleiros.

6.302 et envoyent ou *palaix*.

207.30 e enviarom ao *paaço*.

Pero tamén:

6.238 Quant ilz sont en la *court* venus.

206.25 E tanto que chegarom ao *paaço*.

Tamén podemos observar a confusión entre *jeune enfant* e *jeune home*:

6. 150 qui encores (estoit) *jeunes enfans*.

204.27 que ainda era *menino*.

6.175 Le roy Artus qui alors estoit *jeunes homs*.

205.13 Rei Arturo, que era entom *menino*.

Outras imprecisións de léxico poden ser a traducción de *gent* «orixe» por *cavaleiro*:

6.136 Le roy Canan n'avoit pas esté extraitz de roy, mais de povre *gent*.

204.18 O rei Tanam nom fora de linhagem de reis mais de pobres *cavaleiros*.

Ou de *prouesse* por *bondade*.

6.191 ... pour ce que de greigneur renommee estoit que leur pere, et de *prouesse*, et de toutes choses.

205.24 por que era de ma(i)or nomeada ca seu padre era (e) de maior *bondade* en todo.

## 6. Cambio de *estilo indirecto* a *estilo directo*:

6.322-3 *et nonpourquant il dit bien qu'il n'avra jamais joie*.

215.4 *disse; E pero creo que nunca prazer aviria*.

## 7. Diferencias nos *tratamentos*:

*Messire* = *Dom*:

6.115 *Messire* Eret, dit Meraugis.

204.3 *Dom* Erec, disse Meraugis.

6.219 *Messire* Meraugis.

206.14 *Dom* Meraugis.

Pero para *sire* atopamos catro traduccións distintas:

6.37 *Sire*, bien soiés vous venus.

202.20 *Senhor*, vos sejades o bem vindo.

6.43 Ha! *sire*, dist Meraugis.

202.24 Ai, *senhora*, disse Meraugis.

6.63 *Sire*, fait elle a Meraugis.

203.5 disse a Meraugis: *Senhor cavalleiro*,

6.581 Certes, *sire* Meraugis.

212.18 Certamente, *amigo* Meraugis.

## 8. Aparentes discordancias entre o texto e a traducción:

8.1. Cambio de *personaxes nun diálogo*:

O comenzo do capítulo 6 presenta no texto francés un diálogo entre a *damoiselle* e *Eret*, que aparece na tradución como unha conversa entre a *donzella* e os *senhores*, é dicir, os dous cavaleiros.

6.14 *Damoiselle, dit Eret.*

202.8-9 *Donzella, disserom elles.*

8.2. *Outro caso de discordancia podemos velo no cambio de personaxe dentro do mesmo párrafo:*

6.299 *Sire, dit Meraugis, deste parole ne vault neant... Or en soit Dieux en nostre aide, fait Meraugis.*

206.22 *Si Deos me ajude, disse Meraugis, nom é bem o que dizedes... Pois ora seja Deos em vossa ajuda, disse Erec.*

Neste caso o cambio de personaxe leva tamén ó cambio de pronomes: *nostre* por *vossa*.

8.3. *A traducción varia o sentido do texto:*

6.150-1 *Dirat son filz, qui encores (estoit) jeunes enfans, ne n'avoit pas dix ans d'eage.*

204.27-8 *Dirac seu filho, que ainda era menino, ca nom avia mais de X anos.*

8.4. *Traducción en impersonal cando no texto orixinal refírese claramente a Deus:*

6.576 *Je cuit, sire, que a Nostre Seigneur ne soit mie granment de bel... E certes, se il ne vous en meschiet.*

212.16 *Eu cuido que nosso Senhor nom é muito ledo... e se vos por en cedo nom vem mal.*

8.5. *Tamén hai algún caso no que a discordancia pode deberse a un erro de lectura:*

6.693 *Ha! chevalier qui si te dolouses, se Dieu te gart, parle a moy.*

214.19 *Ai, cavaleiro, que tal doo fazedes? Si Deos te garde, fala amigo.*

Como xa indicamos ó comenzo deste traballo, todas estas diferencias entre o texto orixinal e a tradución, tanto no caso das supresións como no das interpolacións ou aínda no das discordancias poderían xustificarse porque cecais os tradutores galegos non manexaron o texto do que hoxe dispoñemos. Este feito, xunto cun coñecemento menor do tema por parte do público galego-portugués podería explicar este alonxamento de ambos textos.

## 9. Frente a todos estes casos de diferencias entre o texto orixinal e a tradución, tamén podemos sinalar unha serie de pasaxes onde a tradución literal é clara:

6.7 *Au tiers jour avint qu'ilz encontrent une damoiselle.*

202.5 *O terceiro día lhes aveo que acharom ña donzella.*

6.30 *Damoiselle, je suis cellui Eret que vous demandés.*

202.17 *Donzella, eu são aquel Erec que vos demandades.*

6.123-4 *tant comme il se sente la vie ou corps.*

204.9-10 *mentre tevesse a alma no corpo.*

6.558 *Ha Dieux, tant a icy apert miracle et belles vertus! Voirement apert orendroit la loyauté de nostre damoiselle et la desloyauté de ceste autre!*

212.9-10 *Ai Deos como ha ca bõo milagre e fremosas virtudes! Ora parece a lealtade da nosssa donzella e a traçom desta outra.*

6.587 *Messire Eret, la mort ne vient pas selon la volonté du pecheur, ou de cellui qui la desire, mais selon l'establissement de Damedeu.*

212.22-3 *Dom Erec, a morte nom vem segundo a vontade do pecador nem daquel que a deseja, mais assi como Deus quer.*

A tradución literal aparece sobre todo nas fórmulas:

6.1 *Or dit li comptes.*

- 202.1 *Ora diz o conto.*  
 6.6 *sanx aventure trouver qui a compter face.*  
 202.4 *sem aventura achar que de contar seja.*  
 6.17 *Eret qui ne ment.*  
 202.10-1 *Erec o que nom mente.*  
 6.31 *Que vos plaist il?.*  
 202.17 *que vos praz?.*  
 6.37 *bien soiés vous venus.*  
 202.20 *vos sejades o bem vindo.*  
 6.40 *il ly octroye.*  
 202.22 *elle o outorgou.*  
 6.49 *se Deus plaist.*  
 202.27 *se Deus quisier.*  
 6.63 *comment avés vos nom?.*  
 203.6 *como avedes vos nome?.*  
 6.60 *Se Deus m'aist.*  
 203.4 *Se Deus me ajude.*  
 6.100 *Pour Dieu.*  
 203.25 *por Deos.*  
 6.131 *tout ainsi com la vraye histoire le tesmoigne.*  
 204.15 *assi como a verdadeira estoria o diz.*  
 6.211 *Ainsi com je vous ay conté.*  
 206.9 *Assi como vos digo.*  
 6.317 *Sire Dieux, benoit soiez Vous.*  
 208.8-9 *Senhor Deos, beento sejades vos.*  
 6.692 *Se Dieu te gart.*  
 214.18 *Si Deos te garde.*

Pero como xa vimos ó longo deste traballo os casos de discordancia entre os dous textos son demasiado frecuentes para poder considerar a tradución galego-portuguesa como unha reprodución literal do texto francés.